

CONCLUSIÓNS

# Futuros presentes: conversas sobre cultura e sustentabilidade

9-12 de febreiro de 2021



# Conclusións

## DECÁLOGO PARA UNHA CULTURA SUSTENTABLE EN GALICIA

1. Entender a cultura desde unha perspectiva ampla. Reequilibrar a óptica produtivista da cultura (a cultura entendida como un recurso) con ópticas máis humanistas que entendan a cultura como un dereito cidadán.
2. Favorecer unha economía da cultura máis social, que combata a precariedade laboral, que garanta unha xusta retribución das creadoras e creadores e que promova fórmulas cooperativistas que contribúen ao desenvolvemento local e a unha maior estabilidade do emprego e dos proxectos.
3. Reformular os grandes eventos culturais desde unha perspectiva sustentable na que se teñan en conta as e os axentes de proximidade, a viabilidade e a diversificación dos proxectos. Promover e priorizar a cultura propia para que poida dialogar en igualdade con outras culturas do mundo.
4. Apoiar procesos de transformación dixital e de internacionalización da cultura.
5. Fronte ao gasto en novas infraestruturas, priorizar o investimento público cultural no reforzo de persoal, o mantemento das estruturas e o desenvolvemento de proxectos e actividades.
6. Reequilibrar o ecosistema cultural entre os ámbitos público, privado e do común para volver situar a cidadanía no centro e entendela como base do sistema cultural e non exclusivamente como público consumidor.
7. Traballar na evolución da visión sectorial-profesional da cultura cara a unha visión ecosistémica, rica e complexa, onde se favoreza a capacidade da cidadanía e das e dos axentes profesionais para codecidir as políticas culturais que lles afectan.
8. Resignificar na estratexia cultural galega potencialidades tan propias do noso país como o contorno rural e todo o que representa.
9. Ter en conta os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) das Nacións Unidas tentando orientar as actividades e os recursos en función de valores como a igualdade, a equidade, a non discriminación ou a atención á diversidade.
10. Avaliar axeitadamente os diferentes impactos das políticas culturais, volvendo prestar atención aos retornos sociais non monetarios.